

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que D. Francisco Esteban Palomo presentou con data de 14 de xuño de 2018 (rex. entrada nº 4570), a correspondente solicitude dun nicho no cemiterio municipal, mesma data na que se ditou Providencia desta alcaldía explicando as circunstancias urxentes e excepcionais que concorren no expediente ao que se refire ao presente.

Considerando que a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, atópase correcta, procedendo realizar a proposta de adxudicación a favor do interesado, de conformidade cos antecedentes do presente e co previsto na cláusula 20 do prego de condicións

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPOPONSE** como adxudicatario dun nicho do cemiterio municipal a D. Francisco Esteban Palomo, con DNI 50049248Y, de acordo co solicitado con data de 14 de xuño de 2018 (rex. entrada nº 4570), ascendendo a tarifa a abonar a 1.250,00 €, tarifa que, tal e como se pode constatar no expediente xa foi obxecto de abono polo interesado o 4 de xuño de 2018.



CONCELLO
DE **TEO**
Alcaldía

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, procedéndose, transcorridos **10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación e publicación da presente**, a efectuar a adxudicación a favor do proposto.

Teo, a 19 de xuño de 2018.

O alcalde

CONCELLO DE
Alcaldía
TEO (A CORUÑA)

Rafael C. Sisto Edreira